

Deporte escolar.

Os nenos e as nenas de Lobios van a Bande e participan en tódolos deportes.

Aínda que houbo que esperar ó lado do autobus a que os profesores e as profesoras preparasen todo para as competicións, finalmente todo o mundo puido participar. Houbo partidos de fútbol, baloncesto, xadrez, badminton, balonmán e unha proba cultural.

Tamén estaban alí nenos e nenas de Entrimo, de Muíños, de Bande e d'a Valenzá.

Todo saíu perfectamente e non houbo que lamentar incidentes nin lesionados.

Celébranse as ligas do colexio.

Ofrécense varios deportes.

Ademáis das competicións do deporte escolar, os alumnos e as alumnas do centro tiveron, durante o último trimestre, a oportunidade de participar nas ligas deportivas organizadas polo profe de educación física.

Aínda que disfrutaron participando, todos estiveron pendentes constantemente dos calendarios dos partidos e dos resultados. Gañar sempre é agradable tamén.

Campo a través.

Correron gozando do bonito paisaxe de Muíños.

Muíños é un sitio boísimo para facer deporte. No monte estaba todo moi verde, e preto do embalse a praia estaba limpísima.

Os nenos e as nenas de Lobios tiveron ocasión de poñer en práctica o que aprenden na clase de educación física.

Dúas foron as viaxes a Muíños. O primeiro era correr, e aínda que o primeiro día algúns non quixeron participar, na segunda oportunidade todos e todas quixeron correr. Menos un par de rapaces, que por un malentendido pensaron que non podían.

Os que non levaron roupa deportiva quedáronse coas ganas.

Despois de correr viña o mellor, comendo o bocadillo a




Unha alumna preto da meta.

carón do embalse e xogando cos nenos e coas nenas dos outros colexios. Pero todo o bo termina, e un pouco máis tarde veu o autobus para levar a todos de volta ás clases.

Algúns esforzáronse tanto que chegaron á meta case sen respiración.

Pasámolo moi ben. O mellor de todo foi compartir unha xornada deportiva cos nenos e as nenas dos outros colexios da zona, xa que case nunca nos vemos.



Os participantes esforzáronse ó máximo.